

REHABILITACIÓN

Ascensores para edificios construidos



A company of
ThyssenKrupp
Elevator

ThyssenKrupp Elevadores



ThyssenKrupp


Mellore a súa calidade de vida



Hoxe en día os elevadores son unha parte importante nos nosos edificios, a accesibilidade ás vivendas ten unha gran importancia e a rehabilitación dos edificios antigos faise imprescindible.

En ThyssenKrupp ofrecémoslle unha gama de elevadores que solucionan estes problemas e fan posible a accesibilidade de todos ao edificio; mellorando xa que logo a súa calidade de vida.





Esixa o mellor

- En tecnoloxía.
- En deseño.
- En servizo.
- En seguridade.
- En calidade.
- En fiabilidade mecánica.
- En durabilidade.

ThyssenKrupp Elevadores, primeiro fabricante de equipos de transporte vertical de persoas, ofrécelles os mellores proxectos de instalación de elevadores en edificios xa construídos. Dependendo das súas necesidades e o edificio onde viva, ofrecémoslle o noso coñecemento e experiencia para achegar as mellores solucións ao seu proxecto.

Non se conforme con menos.

Cambie de vida, non de vivenda.



Solucións tecnolóxicamente avanzadas

Solucións para todo tipo de edificios, coa posibilidade da súa instalación en ocos de escaleiras, fachadas ou patios.

Sempre atopamos unha solución de alta calidade e totalmente segura, con tecnoloxía Alemá, un mínimo nivel de ruído e o máximo confort.

Combinamos as solucións máis innovadoras e punteiras coas máis tradicionais e probadas para integralas coa súa contorna arquitectónica.

Para logralo ponemos a nosa ampla experiencia ao seu servizo.



ThyssenKrupp ofrécelle a posibilidade de contratar a súa instalación chave en man

- Asesoramento e orzamentos gratuitos, sen compromiso.
- Fabricación e instalación do elevador de forma personalizada ás súas necesidades e ás condicións estruturais e estéticas do edificio.
- Proxecto de obra civil (Arquitectura).
- Posibilidade de solicitude e trámite das Licenzas Municipais.
- Toda a obra civil necesaria para a instalación contratada: electricidade, estruturas, cerrallería, albanelería, pintura, vidrería, etc.

Consulte as nosas posibilidades de financiamento



Vantaxes

- Elimina as limitacións para persoas con discapacidade ou maiores con pouca mobilidade.
- Sentimento de seguridade e comodidade ao chegar a casa, mesmo con equipaxes ou outras cargas.
- Transporte máis cómodo e seguro para as familias con nenos.
- Aumenta significativamente o valor da súa propiedade inmobiliaria.
- Deseño moderno e funcional.

Instalar un ascensor ThyssenKrupp significa:

- Ampla experiencia de ThyssenKrupp neste tipo de instalacións.
- Non arriscar os seus cartos nin a súa seguridade.
- Un único interlocutor en todo o proceso: ThyssenKrupp.
- Ter a súa instalación rematada no menor prazo posible.
- Garantía de calidade.
- Instalacións segundo a Normativa Europea homologada e completamente legalizada.
- Obter o mellor servizo de mantemento para os seus elevadores.
- Tanto se o ascensor vai pola fachada exterior ou polo oco da escaleira, ofrecemos un deseño personalizado do cerramiento do oco, portas e cabina do ascensor de xeito que se integre coa estética do edificio.
- Para a decoración das cabinas, pomos á súa disposición unha gran variedade de materiais e de acabados. As paredes poden ser de melamina, formica ou aceiro inoxidable, completando a decoración espellos, teitos, pasamáns e rodapés.
- Os pulsadores van gravados en braille e levan números en relevo.
- Pódese limitar o uso a persoas autorizadas mediante chaves ou outros sistemas.
- Pódese dotar á instalación de sistemas como: manobra bombeiros, cortina de luz, conexión con conserxería, retorno a planta, botóns antivandálicos, conexión a grupo electrógeno, sintetizador de voz, etc.





ThyssenKrupp Elevadores

C/Cifuentes, s/n - 28021 Madrid
Tel.: 91 379 63 00 - Fax: 91 379 64 43
comercial.tkees@thyssenKrupp.com
www.thyssenkruppelevadores.com